

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 25 de agosto de 2003 pola que se dictan instrucións para a aplicación na educación secundaria obrigatoria do establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

O Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (BOE do 28 de decembro), determina no punto 1 da súa disposición adicional primeira que o previsto nos artigos 28, 29 e 31.º desta lei orgánica será de aplicación no curso académico 2003-2004.

Así mesmo, a orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes ECD/1923/2003, do 8 de xullo, pola que se establecen os elementos básicos dos documentos de avaliación, das ensinanzas escolares de réxime xeral reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos (BOE do 11 de xullo) determina na súa disposición derradeira terceira que no curso 2003-2004 será de aplicación todo aquilo nela disposto que resulte necesario para o cumprimento do establecido nos artigos 13, 15, 18.2º e 18.3º do Real decreto 831/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns da educación secundaria obrigatoria (BOE do 3 de xullo).

Unha vez publicadas estas normas básicas, procede dictar instrucións para adaptar, con carácter transitorio, o disposto na Orde do 24 de abril de 1994, sobre a avaliación na educación secundaria obrigatoria (DOG do 18 de maio), ó establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 827/2003, así como na disposición final terceira da Orde ECD/1923/2003.

En consecuencia, en virtude do establecido no punto 4 da disposición adicional primeira e na disposición derradeira segunda do Real decreto 827/2003, na disposición derradeira segunda do Real decreto 831/2003, e no punto segundo da disposición derradeira terceira da Orde ECD/1923/2003, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

O disposto nesta orde será de aplicación en tódolos centros públicos e privados de Galicia dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de educación secundaria obrigatoria.

Artigo 2º.-Avaliación das aprendizaxes dos alumnos.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos na educación secundaria obrigatoria será continua e diferenciada segundo as diferentes materias do currículo, e levarase a cabo tendo en conta os obxectivos específicos de cada materia, establecidos no anexo do Decreto 233/2002, do 6 de xuño (DOG do 17 de xullo), polo que se modifica o Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos criterios de avaliación que se establecen para cada curso e que se concretarán nas distintas programacións didácticas.

No caso do primeiro curso os criterios de avaliación deberán concretar no proxecto curricular, tomando como referencia o citado Decreto 233/2002.

Artigo 3º.-Actividades de avaliación final.

1. Ó final de cada un dos cursos da etapa o equipo avaliador decidirá sobre a titulación ou promoción de cada alumno ó curso seguinte, tendo en conta a súa madureza académica e as súas posibilidades de recuperación e de progreso nos cursos posteriores, se é o caso.

2. Os alumnos poderán realizar no mes de setembro, nas datas que cada ano se determine, unha proba extraordinaria das materias que non superasen trala avaliación final ordinaria. O equipo avaliador de cada grupo de alumnos decidirá, trala realización destas probas extraordinarias sobre a titulación ou promoción dos alumnos que as realizaran.

Artigo 4º.-Promoción e titulación.

1. Cando, trala celebración das sesións finais de avaliación, ordinaria e extraordinaria, o número de materias non superadas sexa superior a dúas, o alumno deberá permanecer outro ano no mesmo curso, repetíndoo na súa totalidade. Non obstante, cada curso só se poderá repetir unha vez.

Os alumnos que, a partir do curso 2003-2004, promocionen con materias pendentes deberán ser avaliados destas nos anos académicos seguintes.

2. Se, trala repetición dun curso, o alumno non cumprira os requisitos para promocionar ó curso seguinte, o equipo de avaliación, asesorado polo departamento de orientación, no caso dos centros públicos, ou o servizo de orientación, no caso dos centros privados, e logo de consulta ós pais ou tutores legais do alumno, decidirá, segundo proceda e en función das necesidades deste último, a súa promoción ó curso seguinte con medidas de reforzo ou, sempre que se cumpran os requisitos legais correspondentes, a un programa de diversificación curricular, programa de garantía social ou programa de iniciación profesional, tendo en conta o calendario de implantación das novas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria que determina o Real decreto 827/2003.

3. Para obter o título de graduado en educación secundaria será preciso ter superadas tódalas materias cursadas.

Excepcionalmente, o equipo avaliador, tendo en conta a madurez académica do alumno en relación cos obxectivos da etapa e as súas posibilidades de progreso, poderá propor para a obtención do título os alumnos que ó finalizaren o cuarto curso teñan unha ou dúas materias non aprobadas, sempre que non sexan simultaneamente dúas de entre matemáticas, lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura.

4. As condicións polas que poderán obter o título de graduado en educación secundaria os alumnos que sigan programas de diversificación curricular serán as establecidas na Orde do 19 de maio de 1997, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria (DOG do 6 de xuño).

Artigo 5º.-Rexistro das cualificacións nos documentos de avaliación: actas de avaliación.

As actas de avaliación dos alumnos, que se axustarán ós modelos que se recollen nos anexos desta orde, cubriranse e asinaranse tanto na sesión de avaliación final ordinaria como na extraordinaria de cada un dos cursos da etapa. Na acta da avaliación extraordinaria incorporaranse tódalas cualificacións correspondentes á sesión de avaliación ordinaria.

Disposicións transitorias

Primeira.-Rexistro das cualificacións nos documentos de avaliación: expediente académico.

1. Entrementes non se modifique o modelo de expediente académico, utilizarase o establecido no anexo da Orde do 25 de abril de 1994 coas adaptacións que se recollen a continuación.

2. As cualificacións outorgadas a cada alumno consignaranse no seu expediente académico trala realización da sesión de avaliación extraordinaria, independentemente do resultado da decisión adoptada acerca da promoción ou titulación. Polo tanto, non serán de aplicación as notas (1), (2) e (3) que figuran no expediente.

3. No caso dos cursos primeiro e segundo, as cualificacións figurarán na columna etiquetada como «primeiro ciclo», texto que se substituirá pola denominación do curso avaliado.

Así mesmo, no caso de que se adopte a decisión de promoción do primeiro ó segundo curso, substituirase o texto «...decidiuse a promoción do alumno/a ó terceiro curso de educación secundaria obrigatoria» por «...decidiuse a promoción do alumno/a ó segundo curso de educación secundaria obrigatoria».

4. No expediente recolleranse as cualificacións resultantes das avaliacións ordinaria e extraordinaria. Para tal fin, trazarase una liña divisoria na columna correspondente ó curso avaliado, consignándose á súa esquerda os resultados da avaliación ordinaria e á dereita os da extraordinaria.

Segunda.-Rexistro das cualificacións nos documentos de avaliación: libro de escolaridade.

1. Entrementes non se modifique o modelo de libro de escolaridade, utilizarase o establecido no

anexo da Orde do 25 de outubro de 1993 coas adaptacións que se determinen.

2. Os centros educativos, de acordo coas instrucións que oportunamente se dicten, poderán introducir nos libros de escolaridade dos alumnos as adaptacións que sexan pertinentes para a recollida e constancia dos datos que se deriven da aplicación desta orde.

Cando se incorporen estampañas tomaranse as cautelas de selado e outras que sexan precisas para garanti-la súa autenticidade.

Disposicións adicionais

Primeira.-As referencias nesta orde a materias entenderanse feitas ás áreas e materias establecidas polo Decreto 78/1993.

Segunda.-Tódalas referencias ó primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria que figuran na Orde do 25 de abril de 1994 sobre a avaliación na educación secundaria obrigatoria deberanse entender con relación ós cursos primeiro e segundo desta etapa.

Así mesmo, tódalas referencias que aparecen nesa norma como «curso ou ciclo» deberanse entender substituídas polo termo «curso».

Terceira.-Modifícase o punto 2º do artigo 6 da Orde do 25 de outubro de 1993, pola que se dictan instrucións sobre o procedemento de solicitude e rexistro do libro de escolaridade do ensino básico (DOG do 26 de novembro) nos seguintes termos: «No libro de escolaridade consignaranse os resultados correspondentes ás avaliacións finais ordinaria e extraordinaria de cada curso, así como as decisións positivas de promoción».

Cuarta.-Trala celebración da avaliación extraordinaria, os centros educativos remitirán ó servizo provincial de inspección educativa, xunto coa copia das actas que se establece no punto 5º do artigo 8 da Orde do 25 de abril de 1994, un informe estatístico sobre os resultados da avaliación, que se axustará ó modelo que se recolle no anexo desta orde.

Disposición derogatoria

Única.

Quedan derogados os seguintes puntos e artigos da Orde do 25 de abril de 1994, sobre a avaliación na educación secundaria obrigatoria: punto 1º do artigo 3, puntos 1º e 2º do artigo 8, artigo 11 e o artigo 13, así como todo aquilo que se opoña ó disposto nesta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa a dicta-las normas que sexan precisas para a execución do establecido nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será de aplicación desde o ano académico 2003-2004.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2003.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Centro

FICHA RESUMO DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN NA ESO

Código do centro:	Titularidade:	Tipo de centro e nome:
Localidade:	Concello:	Provincia:

	Programas de diversificación curricular (1)					
	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO		
					PDC dun ano	PDC de dous anos
				1º curso	2º curso	
NÚMERO TOTAL DE ALUMNOS ESCOLARIZADOS POR CURSO						
Proposta de título de graduado en ESO						
Alumnado que promociona con tódalas materias aprobadas (2)						
Alumnado que promociona con unha ou dúas materias suspensas						
Alumnado de promoción obrigada (3)						
Alumnado que non promociona (4)						
Alumnado sen avaliar (5)						

O/A DIRECTOR/A

Asdo: _____

- (1) O alumnado que se compute nestas celen tamén se computará nos seus cursos de referencia (3º de ESO para o 1º curso dos PDC de dous anos; 4º de ESO nos demais casos).
- (2) Tamén se incluíra na cela de 3º de ESO o alumnado de 1º de PDC de dous anos que seguirá no programa.
- (3) Alumnado que suspende máis de dúas materias e non pode repetir. En 4º ESO, alumnado que finaliza a escolarización obrigatoria sen título de graduado en ESO.
- (4) Alumnado que repite.
- (5) Alumnado, contabilizado o principio de curso, que causou baixa no centro.

Páxina de



Centro:
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR
Orde do 19 de maio de 1997 (DOG 108, 6/6/1997)

Acta complementaria de avaliación do alumnado que curse un programa de diversificación curricular

Curso: _____ Grupo: _____
 Nº total de alumnos/as: _____ Curso académico: _____
 S.B. Sobresaliente NT: Notable BE: Ben SF: Suficiente IN: Insuficiente
 Lingüístico-social: Área de ámbito lingüístico-social Científico: Área de ámbito científico
 Lingua Estranxeira: Área de ámbito de lingua estranxeira

RELACIÓN ALFABÉTICA DO ALUMNADO	ÁREAS DE CONECEMENTO			
	Lingüístico-social	Científico	Lingua estranxeira	
APPELIDOS E NOME	O	E	O	E

SINATURAS

Páxina de



**EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR**

Orde do 19 de maio de 1997 (DOG 108.668/1997)

Acta complementaria de avaliación do alumnado que curse un programa de diversificación curricular

Curso:

Nº total de alumnos/as:

Grupo:

Curso académico:

ENMENDAS

de de

PROFESORADO DO GRUPO

Linguístico-social:

Científico:

Lingua Estranxeira:

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

Vº e Pt. O/A DIRECTOR/A

O/A TITOR/A

Asdo.:

Asdo.:

Páxina de

Orde do 5 de setembro de 2003 pola que se modifica a autorización do centro privado Santa María de Ourense.

Examinado o expediente presentado polo centro privado Santa María de Ourense, no que solicita autorización para impartir unha unidade de educación especial e a ampliación de tres unidades do segundo ciclo de educación infantil.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial de Ourense, quen o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación; o Real decreto 334/1985, do 6 de marzo, de ordenación da educación especial (BOE do 16 de marzo); a Orde ministerial do 30 de xaneiro de 1986 (BOE do 4 de febreiro); Real decreto 1004/1991, do 14 de xuño (BOE do 26 de xuño), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral non universitarias; Decreto 320/1996, do 26 de xullo (DOG do 6 de agosto), de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais; Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias, e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizarlle ó centro privado Santa María de Ourense unha unidade de educación especial e a ampliación de tres unidades do segundo ciclo de educación infantil, quedando a composición resultante segundo se especifica no anexo.

Segundo.-Para as ensinanzas que se autorizan, a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia no dito centro.

Terceiro.-Queda o centro obrigado ó cumprimento da lexislación vixente e a solicita-la oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala esta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso